



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

ORDE do 19 de marzo de 2015 pola se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2015, co obxecto de coñecer a lingua dese país. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (DOG. núm. 65, mércores, 8 de abril de 2015).

O obxecto desta orde é convocar en réxime de concorrencia competitiva 150 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea durante o verán de 2015, do alumnado universitario matriculado no curso 2014/15 nalgunha das tres universidades do Sistema universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED en Galicia coa finalidade de coñecer a lingua dese país.

Período e dotación da axuda:

- As actividades para as cales se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, exclusivamente, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2015, ambos inclusive:
- A dotación económica asignada a cada beneficiario/a será dun máximo de 900 euros.

Requisitos dos/das solicitantes:

1. Poderá solicitar estas axudas o alumnado universitario que cumpra os seguintes requisitos: a) Estar matriculado no curso 2014/15, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira, en calquera das universidades do Sistema universitario de Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes ao título de graduado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, e ter superado 60 créditos con anterioridade á data de publicación da orde na titulación que está a realizar.
b) O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de 3 semanas, cun mínimo de 15 h. lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co oficial do país elixido.
2. Quedan excluídos/as desta convocatoria: a) Os/as alumnos/as que xa resultasen beneficiarios/as desta axuda en anteriores convocatorias. b) Os/as alumnos/as que durante o curso 2014/15 sexan adxudicatarios/as dunha bolsa do programa comunitario de mobilidade Erasmus+, sempre e cando a estadia que pretendan realizar sexa para perfeccionar a lingua oficial do país en que se está a desenvolver o devandito programa.

Forma e prazo de presentación de solicitudes e documentación que hai que presentar:

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado ED416A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>. Tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia

+INFO: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150408/AnuncioG0164-270315-0003_gl.pdf